

**ROSENDO SALVADO:
UNHA EPOPEA BENEDITINA
NOS ANTÍPODAS**

Antonio Linage Conde

Real Academia de Jurisprudencia y Legislación



O poeta Paul Claudel, tras a súa volta ao catolicismo, ao oír en Notre-Dame de París o canto do *Magnificat* un día de Nadal, pasou unhas xornadas na abadía beneditina de Ligugé, para estudar unha posible vocación monástica. Alí, sen enxergar ningún outro camiño, sentiu irrevogablemente que aquel non era o seu. Logo da súa morte, que se fixo agardar, algún dos seus estudosos preguntouse o que sería, de existir, un Claudel beneditino. O certo é que el se atopou comodamente percorrendo o planeta e vivindo en países exóticos, un ambiente que achou acaído para a súa obra, de alento épico e dramático bíblico. Cal sería noutro caso a pegada creadora do seu paso pola terra?

O monxe beneditino Rosendo Salvado era un home dotado dunhas aptitudes sobresalientes para triunfar no persoal e deixarlles aos demais a súa achega en moitos eidos da actividade humana. Abonde o dato de que lle foi ofrecido un posto de traballo musical na cidade inglesa de Bath, simplemente porque lle oíron un concerto que deu a beneficio da súa proxectada misión, aproveitando unha escala na súa viaxe a Australia. As súas pezas profanas, escritas aínda na súa terra nativa, mesmo esquecidas, sobre todo polo propio desinterese do autor, ao se entregar integramente a outra vocación, contarían ou contan na historia da composición romántica. E, se a elaboración que fixo das experiencias cos seus aborixes foi cualificada de sorprendente e avanzada, tendo en conta as circunstancias, polos etnólogos profesionais, podemos preguntarnos ata onde chegaría se lle prestase a esa materia unha dedicación máis libre e intensa¹.

Ora ben, no outro prato da balanza habería que poñer o que se perdería, para o seu tempo e a posteridade, de non ser o noso home un monxe beneditino. Pensemos na súa comunidade, nos dous colexios, en toda esa cidadela claustral que chegou a ser Nova Nursia.

¹ Malia ser posible que o emprego exclusivo dos métodos científicos, sen o pulo cordial que a el o guiou, non dese certos froitos.

Así as cousas, entrar na avaliación dunhas e doutras consecuencias e renuncias sería dunha puerilidade indefendible. É outro o camiño por onde podemos reflexionar verbo da valoración da obra que *dom* Rosendo consumou.

Hai que partir da base de que, ante todo, el actuou e pensaba como un misio-neiro da Igrexa católica, cun pleno acatamento dos dogmas e da disciplina desta. O seu ideal era a comunicación ás poboacións do seu apostolado do legado e a mensaxe da Igrexa, con miras á súa conversión a ela. E a cuestión que nesa encrucillada nos xorde é a de se este resultado non era esixente dalgunha renuncia a unha parte, xa que non ao todo, da súa propia cultura².

Con todo, hai que recoñecer que, se ben o respecto ás culturas alleas é un valor, agás no que poidan apartarse de valores humanos máis altos e incommo- vibles, e é condenable toda agresividade nese terreo, iso non implica que sexa negativa sen máis a influencia dunhas culturas noutras, ao ser igualmente porta- dora de valores. Concretamente, no caso dos australianos nativos, o mantemen- to integral da súa cultura propia non resultaba posible logo da creación do novo país polos brancos, de non aceptar o que comportaría algunha degradación.

Mais non é cousa de continuarmos polos camiños destas hipóteses, pois son as realidades as que nos reclaman. Só imos caer na tentación de lembrar que as consecucións do Salvado beneditino foron posibles no beneditinismo que se abriu paso na historia monástica e eclesiástica na fase de restauración e renova- ción que seguiu á case total exclaustación que puxo fin ás maneiras do Antigo Réxime. Mais discorrer o que podería ser un Salvado monxe dun San Martiño Pinario intacto, transplantalo a unha das evocacións que fixo don Ramón Otero Pedrayo daqueles días e xentes, xa sae de calquera tolerancia que puidésemos pretender para estas divagacións.

Nada máis queremos atraer a atención cara a unha postura que ao axuizar a exclaustación se abriu mesmo no ámbito monástico. Neste condénase irrevoga- blemente aquela medida, xaora, dado que alén de suprimir os mosteiros conde- nou o ideal e a vida monásticos en si³. Mais, canto ás súas consecuencias, admí-

² A propósito das críticas beneditinas a Salvado desde este punto de vista, ás que logo me referirei, lembro que lle oín en Nova Nursia ao abade Spearritt que podían deberse a unha xeneralización a todos os aborixes de situacións exclusivas dalgun dos seus grupos.

³ Aínda que se tratase de buscarlle unha cobertura ideolóxica a un ordenamento xurídico tendente a xustificar unhas medidas de expropiación e conseguinte enriquecemento. Algo así coma os ditadores persoais que se revestiron de supostos ideais alleos á súa exclusiva conquista do poder.

tese que levou consigo unha purificación, ao facer desaparecer certas estruturas caducas e mesmo estados de cousas non defendibles. O evidente é que a empresa de Salvado non sería posible na situación anterior. Isto non quere dicir que se debese directamente á exclaustación, pois esta o que fixo foi, malia que non á mantenta, pechar vieiros mortos, non abrir outros novos. E, de non subsistiren, cando acó tivo lugar, mosteiros noutros territorios, sería imposible.

A VELLA ESPAÑA NA NOVA AUSTRALIA

Evocar os camiños que chegaron a Australia, tamén os camiños sen máis desta mesma terra illada, é instrutivo para o historiador e alén disto sinxelamente suxestivo para o espírito *tout court*. Ante todo, ten algo de lección de humildade. E temos *in mente*, por unha banda, unha desas lagoas da historiografía que chegan a desesperantes; por outra, unha das frustracións da historia mesma. Pois está comprobado que os astrónomos chineses houberon facer desde aquel continente certas observacións nos primeiros séculos da nosa era. Pero máis nada sabemos deles. En cambio, si nos constan das navegacións dos nosos compatriotas pilotos de altura arredor da que eles mesmos chamaron Terra Austral do Espírito Santo, mais sen chegaren a enxergala, reservada como estaba a proeza para os seus endémicos rivais ingleses e moito tempo despois. Chegada que foi a descuberta, é a encrucillada entre a ética, o azar e a vontade humana o que nos resulta un meditativo estímulo. Pois a conversión do continente novo en colonia penal e tanto o panorama horripilante do traslado a ela dos condenados como as súas condicións de vida alí son das páxinas negras da aventura humana⁴.

A mediados do oitocentos, ese sistema estaba a transmontar na Australia Oriental. Xurdira xa nesa vasta terra unha sociedade «respectable», a cal por unha banda quería esquecer o seu pasado e pola outra tiña medo da renovación do sangue presidiario, malia que o traballo forzado deste, en beneficio dos colonos, lles viñese ata daquela decisivamente ben. Mentres que todo o inmenso oeste, unha terceira parte do país, ou sexa, «un corpo do tamaño de Europa e o cerebro dun neno de peito», seguía virxe e descoñecido. De 1826 a 1831 hou-

⁴ Robert Hughes (1989): *La costa fatídica*, Barcelona, Galaxia Gutenberg.

bera unha gornición na súa banda meridional, onde agora está a cidade de Albany. Ao seu norte, tamén en 1826, foi evacuada precipitadamente outra que se asentara na illa Melville, preto do actual Darwin. E máis nada.

Foi o encargado desta evacuación, un capitán de navío, James Stirling (1791-1865), quen puxo en marcha a primeira empresa colonizadora, se ben que ao outro extremo, na desembocadura do río Swan, ao que chegou arrodeando toda a costa, unha travesía de 4300 millas. En 1829 fundouse o porto de Fremantle, que é o da actual cidade de Perth. Recibiu a súa denominación polo nome do capitán que estaba ao mando da fragata para isto chegada, a *Challenger*. E foi a primeira vez que se usou o nome de Australia⁵. Mais as ilusións de prosperidade resultaron unha miraxe. En 1850 só había no territorio 58 886 brancos, cunha economía deficitaria. Por iso pediran había catro anos que os declarasen colonia penal, coa única esperanza posta nesa man de obra. E así o foi, desde 1850 ata 1868, ano en que se lle puxo fin a tal *status* ante a indignación das demais colonias, temerosas de se contaminar dos seus prófugos e liberados. En 1871 os seus habitantes eran máis nada ca 25 447⁶. Data esa na cal xa abriran uns beneditinos da vella España dos antípodas algúns puxantes camiños nas súas soidades desa parte da nova Australia.

O ano 1836 quedaron baleiros e foran confiscados todos os mosteiros españois. Xurdiu entón un novo tipo humano, o exclaustrado, de vicisitudes moi varias segundo o caso de cadaquén. Uns poucos deron continuado vivindo a súa vocación monástica en comunidades de fóra, malia estas seren escasas, xa que a maioría dos países da vella Europa tamén as suprimiran.

Un deles foi Rosendo Salvado (1814-1900), un tudense⁷ profeso do mosteiro compostelán de San Martiño Pinario, levado ao de Cava dei Tirreni, no reino

⁵ Curiosamente, de Londres esixiron que se lles preguntase aos aborixes se o aceptaban, mais non foi posible entenderse con eles.

⁶ Cando xa tiña medio millón Nova Gales do Sur; 7 300 000, Vitoria (con só 77 000 vinte anos antes); o sur, 189 000, e Queensland, 122 000. Estacionada seguía Tasmania, a outra última colonia penal.

⁷ Antonio Linage Conde (1998): *Rosendo Salvado or the Odyssey of a Galician in Australia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, con bibliografía; sobre a pésima tradución do orixinal inédito, Aidan Cusack, *Hallel*, 24 (1999), 146. Estendéndoo ao período posterior, tratamos a materia en *San Benito y los benedictinos*, Braga, 1995, tomos V, VI e VII *ad vocem*, e en *Recollectio*, 8-10 (1985-1987), 143-220, 291-348 e 175-239. Máis bibliografía en Josep Massot i Muntaner (2012): «La experiencia monástica de la provincia española frente al problema misionero: el caso de Nueva Nursia», en *La Congregazione Sublacense: Inizi, ideali e attività missionaria*, Barcelona, Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 95-113 (reimp. en *Escriptors i erudits contemporanis*, Montserrat, 2013, 9-32).

de Nápoles, por outro monxe da súa comunidade que xa atopara alí refuxio, José Benito Serra (1819-1888). Salvado era un home dotado de sensibilidade fina, xenerosidade de miras e calidades sobresalientes e diversas. Tanto que resulta un dos casos de vida relixiosa consagrada que nos fan interrogarnos sobre as limitacións ao seu desenvolvemento humano integral impostas polos votos desa vida. Algo innegable, aínda que tampouco hai que preterir a contrapartida, o cuño das irradiacións da personalidade nun molde de aristocracia espiritual. Abonde un dato. De paso Salvado na cidade inglesa de Bath, deu un concerto. E tivo sen máis a oferta de ficar alí ao servizo da vida musical.

Serra e Salvado, a pesar de atoparen moi boa acollida e estaren a prestar servizos estimados no mosteiro napolitano, desexaban ser misioneiros en latitudes remotas. E dese xeito foi como toparon co seu destino australiano, ao coincidiren en 1845 en Roma co bispo irlandés John Brady, quen estaba á fronte da moi recente diocese de Perth. Por certo que nin el nin o seu rival anglicano conseguiron que os traballadores presos lles construísen cadanseu pazo episcopal. Da índole primaria da xeografía eclesiástica de entón dános unha idea que Australia dependese nun principio do vicariato apostólico chamado do Cabo de Boa Esperanza, malia radicar na illa Mauricio. En 1818 fóralles confiada precisamente aos beneditinos ingleses, o primeiro dos cales, William-Bernard Ullathorne, tivera, pois, que se mergullar disidentemente na horrible urda daqueles desapiadados anos da deportación.

A viaxe de Brady, Serra e Salvado a Australia durou do 17 de setembro de 1845 ao 7 de xaneiro do ano seguinte, no vapor *Elizabeth*, desde Gravesend, na desembocadura do Támesis, ata a baía de Fremantle ou Gage Road. Tratábase dunha travesía sempre algo accidentada. Por iso o propio Salvado describiu con detalle nas súas *Memorias* as outras e esta; por exemplo, «apenas nos somerxemos no estreito de Calais», increpaban «as furias infernais e o pérfido elemento»⁸.

Desde Perth partiron na procura da sede do seu asentamento, no distrito de Victoria Plains, informados de que había na contorna bastantes aborixes.

⁸ Rosendo Salvado (2014): *Memorias históricas sobre a Australia e particularmente sobre a Misión Beneditina de Nova Nursia e os usos e costumes dos australianos*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia / Parlamento de Galicia / Consello da Cultura Galega, 184-185. [N. da T.]

A índole de aventura que incluía o contacto con estes salta á vista. O primeiro encontro foi cun grupo numeroso armado con lanzas. Mais sinxelamente ofrecéronlles pan, té e azucre. Ao veren que os misioneiros comían, eles tamén o fixeron. E do azucre gustaron moito.

Mesmo as viaxes a Perth, de seis ou sete días de duración, malia a distancia ser só duns setenta quilómetros, tiñan o seu de imprevistas e perigosas. Por exemplo, nunha que só co seu carro e os seus bois fixo Salvado, tivo que os agarrar polos cornos para pasalos á outra beira dun torrente, cando a auga lle chegaba máis arriba do van.

Así as cousas, a súa empresa colonizadora prosperou. Fundouse o mosteiro de Nova Nursia ou New Norcia. Fixéronse casañas para sedentarizar a poboación indíxena e puxéronse en explotación as terras da contorna, un tanto bíblica a triloxía do trigo, o viño e o aceite. Isto despregado desde Greenough Flats e Arrino, ao norte, ata Gingin e Toodyay ao sur e ao leste. Houberon de facer, xaora, labores cartográficos e escavar pozos por todas as partes.

A idea de Salvado era cristianizar os nativos e facerlles alcanzable a vida monástica. O propio papa Pío IX impúxolles en Roma a cugula a dous dos seus adolescentes. Ora ben, isto comportaba forzosamente unha aculturación. Porén, o contacto cos colonizadores brancos, deixadas á parte a índole criminal que predominou nestes ao principio e a carencia de idealismo no mellor dos casos, fixera tal aculturación, polo menos nalgunha medida, ineludible. Por iso a acusación a Salvado de etnocentrismo requiriría ser matizada, mesmo desde o punto de vista máis rigoroso⁹. Pola súa banda, en 1860 Serra acabaría deixando a misión e o país. O seu ideal era a implantación do beneditinismo entre a poboación branca, algo, abofé, máis realista naquela altura. Hai que ter en conta que, ao cabo, Salvado non conseguiu vocación indíxena ningunha, nin as houbo ata agora. Mais en 1856 el escribíralle a Roma que a súa cidadela monástica semellaba un pequeno Paraguai, aludindo ás reducións que outrora tiveran alí os xesuítas.

E desde logo que o viaxeiro que hoxe visita o New Norcia Heritage Trail non se atopa ante todo cun gran mosteiro coma os europeos e norteamericanos da

⁹ Marion Sitzmann (1987): «Salvado's Missionary Endeavors for the Social Outcast of Early Colonial Australia: The Aborigines», *The American Benedictine Review*, 38, 127-38.

época, a pesar de que chegou a selo, coa súa densidade de refinamento cultural tamén. Isto débese á dispersión das edificacións e a non haber por iso ningunha mole arquitectónica en exceso dominante, nin sequera a propia igrexa. Ou sexa, dito noutros termos, a que se trataba dun poboado pequeno máis ca dun gran monumento.

Salvado escribiu en italiano as súas *Memorias históricas sobre a Australia*, a guisa de informe ás autoridades eclesiásticas vaticanas. O seu título non é acaído, resulta demasiado modesto. Xa que se trata dun bo libro de etnoloxía sen máis. E del dedúcese unha estimación do autor pola cultura indíxena que non era nin moito menos corrente entre os brancos de entón. A etnoloxía mesma estaba en cueiros¹⁰, no chamado período converxente, que durou de 1835 a 1859, anterior ás obras capitais de Marx e Darwin, malia que non á *Natural History of Man* (1843), de J. C. Prichard.

Salvado Morreu en Roma cando estaba a transmuntar o ano 1900. Cincuenta e cinco anos, pois, de presenza na súa Nova Nursia. Mais hai un detalle curioso, nun principio dos que só raian o papel, pero que ao cabo resultan un tanto proféticos. En 1848, Serra fora nomeado bispo de Port Victoria, unha cidade de nova fundación na baía de Essington, preto do Darwin de hoxe, no distante noroeste. Complicacións curiais determinaron que ao pouco tempo fose Salvado o que tiña ese título episcopal, mais antes de que puidese tomar posesión del a colonia foi suprimida gobernativamente. Porén, gozou dese título ata 1889. Cando xa a poboación nativa arredor de Nova Nursia ía escaseando e, xa que logo, os misioneiros notaban un baleiro. Así as cousas, xa despois da morte de Salvado, xurdiu a idea de enchelo noutro espazo, e concretamente naquel setentrión.

¹⁰ Ronald Murray Berndt (1977): «Salvado: A Man of and Before His Time», pp. 267-274 da versión inglesa, *The Salvado Memoirs* (E. J. Stormon [ed.] [1977], University of Western Australia Press). Hai que ter en conta tamén a índole pioneira do libro na bibliografía australiana. Apenas si se citan antes del os *Journals* de George Grey e o *Descriptive Vocabulary* de George Fletcher Moore.

A CONTINUACIÓN FECUNDA

A vocación monástica de *dom* Fulgencio Torres (1861-1914), un eivisenco de familia xudeoconversa, foi duplamente tardía¹¹. Por unha banda, cando entrou no seminario de Vich, xa rematara a carreira de Farmacia na Universidad de Barcelona. Por outra, cando profesou no mosteiro de Montserrat, estaba a piques de ser ordenado sacerdote secular. Isto tivo lugar, concretamente a toma de hábito, en 1885.

Por entón, Salvado fixera do cenobio catalán a base do seu recrutamento vocacional en España, pois co australiano non se podía aínda nin sequera soñar, unha situación ademais beneficiosa para Montserrat, xa que a cambio da esixencia dunha fundación nas Filipinas españolas lle daba plena carta de natureza na lexislación do país, aspecto este non aclarado desde a xa remota exclaustación antes mencionada. A tal fundación na Hispanoasia atrasouse algo. Torres foi enviado a ela entre os primeiros, en 1895, mais deixouna moi cedo para se ocupar dunha casíña montserratina en Nápoles. Salvado coñeceuno alí, pouco antes da súa morte. E inmediatamente sentiu o frechazo de ver nel o seu sucesor. Como así ocorreu. A comunidade, que xa viña administrando, elixiuno unanimemente abade en 1902. E ese foi o home que había levar a misión aborixe do suroeste ata o extremo norte, miles de quilómetros lonxe, pero alén diso nun territorio descoñecido, de xeito que a escolla do lugar requiriu unha xenuína exploración previa.

Descoñecido e illado. De aí que os monxes que se dedicaron ao cabo a ese retiro propendesen a matizar un pouco a admiración lendaria suscitada pola inicial empresa de Nova Nursia. Pois é que esta nunca careceu de contactos e comunicacións cos preexistentes establecementos brancos da contorna, esta xa coñecida e coa colonización posta en marcha. Mentres que a do norte comportaba a soidade, apenas comunicada, e entre unha poboación nativa que, acaso por esa mesma circunstancia, resultou moito menos alcanzable e mesmo hostil.

¹¹ Véxase *Fulgenci Torres Mayans: Diaris d'un abat-bisbe d'Austràlia (Roma-Nova Núrsia, 1900-1914)* (Montserrat, 2012); cf. Josep Massot i Muntaner: «Fulgenci Torres, abat-bisbe d'Austràlia», en *Escriptors i erudits contemporanis*, cit., 33-101.

Mais, como di o prologuista da historia da casa¹², Hilton Deakin, se ben que «the difficulties they were to face required the stuff of which heroes and heroines are made», o certo foi que aqueles beneditinos «had their heroes and heroines in the priests, Brothers and Sisters who staffed the mission»; en «such unique situation», que a seguir escribía o primeiro ministro dese estado, Charles Court.

A misión do río Drysdale estableceuse en Pago no ano 1908, e en 1937 foi transferida a Kalumburu, un pouco ao suroeste. Os mapas que a compañía de aviación Qantas lles ofrece aos seus viaxeiros sinalan este lugar¹³. Poucos dos españois que se contan entre eles teñen noticia de deberse a compatriotas seus ese novo punto do mapa. Está situado 135 millas ao noroeste de Wyndham, na baía Napier Broome, onde desemboca o río King Edward, ao norte da rexión de Kimberley. En Argon, a sete millas de Kalumburu, conflúen o King Edward e o Carson, que forman ao chegaren á misión un illote de corenta pés de elevación. Dunha vez, andando o tempo, a cima do illote quedou a mercé das augas, de xeito que a tumba dun monxe que pasara nela cincuenta e tres anos, a mellor marca de Rosendo Sosa, foi arrastrada por elas, e o seu corpo chegou a flotar algún tempo ata se mergullar coa terra envolvente. O clima é monzónico e ciclónico. A temperatura oscila entre os 20 e os 36 graos. O territorio é volcánico, areento, tendente a estéril, aínda que a misión é coma un oasis fértil que permite o cultivo de froitas e verduras e a cría de gando. A vexetación é de sabana tropical, con predominio de dúas variedades de eucalipto.

A encomenda a Nova Nursia de fundar esoutro establecemento no norte foille dada ao novo abade polo Concilio Plenario de Sydney o ano 1905. Ao seguinte tivo lugar a súa primeira viaxe de exploración costeira. A envergadura desta na historia xeográfica do oeste púidose comparar sen esaxeración ás máis afamadas alí, a saber: as dos irmáns Forrest, Parker King e F. S. Brockman. Este último foi a base orientadora de Torres, pola súa inspección do golfo de Cambridge entre 1882 e 1891, publicada que acababa de ser en 1901. O seu tal predecesor seguira o curso do río Drysdale ata o seu esteiro, onde descubriu

¹² Eugene Perez (1977): *Kalumburu: The Benedictine Mission and the Aborigines, 1908-1975*, Kalumburu, Kalumburu Benedictine Mission.

¹³ Brockman aconsellara en 1901 construír un porto na punta da península de Anjo; ou sexa, non lonxe do actual Kalumburu.

entón o nacemento do citado río King Edward, e examinou as entradas do golfo de Admiralty e as baías de Vansittart e Napier Broome.

Pola súa banda, Torres saíu de Fremantle no *Bullara*, un buque de 1725 toneladas, o 27 de abril, e o 7 de xuño, desde Wyndham, emprendeu o retorno a Perth por Geraldton. Namentres, levava a cabo a súa propia viaxe de «descubrimento» un tanto. Xa con vistas a establecer a fundación, volveu saír no mesmo buque, o 18 de xuño do ano seguinte, de Geraldton, para non retornar a Nova Nursia ata o 1 de outubro, mais a maior parte dese tempo pasouna en terra, deitando os cimentos do novo posto apostólico e en contacto coa poboación nativa. Alí permanecía un trapense, que quedara sobre o terreo cando unha tentativa fundacional da súa orde, na baía de Beagle, foi abandonada, Nicolás Emo, que tamén escribiu o seu diario, complementario do abacial¹⁴ en certos aspectos que este silencia.

A exploración comezou o 11 de maio, nun barquiño, o *San Salvador*, de catorce toneladas, para o cal foi contratado o capitán Johnson con catro tripulantes filipinos. Apenas saídos de Broome para Wyndham houberon de evitar decontino baixíos, bancos de area e pequenas illas. A costa non estaba cartografada, e o Almirantado británico advertira o abade do incesante perigo. Só a coñecían os aborixes. Con eles ía un, que se enchía de morriña a medida que se afastaban do anaco de terra da súa residencia. Pois eles eran sedentarios ata un extremo dificilmente concibible para nós. As provisións empezaron a escasear. O día de Pentecoste, o abade conformouse cun prato de arroz, e logo pasou dúas semanas a pan e auga a fin de aforrar para os demais o pouco que ía quedando. Alén dos datos estritamente xeográficos, como o inmenso arrecife situado entre a illa Long e a illa Mary, o diario non se recata por veces de consignar o terror que aquel mar descoñecido lles inspiraba. A Wyndham chegaron o 15 de xuño. Para aquela pequena colonia tan illada, foi un acontecemento. Torres deulles un concerto. O que máis de medio século atrás ofrecera Salvado en Perth chegou a unha páxina de lenda dourada. Ambos os detalles denótannos o común da formación e do gusto musicais nos homes de Igrexa daqueles tempos.

Elixida a situación inicial que dixemos da misión, malia que só xenericamente, en xuño de 1908 levaron a cabo na mesma embarcación a segunda viaxe, xa

¹⁴ *The Diary of Bishop Torres, 1901-1914* (Eugene Perez [ed.]; Kalumburu, 1986).

con miras á fundación efectiva. Contaban ademais co *Mary*, un pequeno bote. A poboación nativa da súa influencia ía ser a de dúas tribos, os kwini e os kulari, desde o río King George ata o King Edward aqueles, e desde o último dos dous ríos ao cabo Voltaire estes. Os primeiros monxes destinados a ela foron os padres Planas e Alcalde e o irmán Vicente. Seguiu con eles o trapista Emo. Levaban ademais un matrimonio aborixe e cinco rapaces, e outro matrimonio de filipino e timorense que tiña unha nena de doce anos que adoptaran en Broome. O cargamento era de dezasete toneladas e houberon de facer a expedición en dúas veces. En definitiva, o obxecto concreto desta era a inspección do último tramo do río Drysdale. O día da Virxe de Agosto foi o escollido para o nacemento solemne da nova casa. O 1 de outubro, Torres estaba de volta en Nova Nursia despois de cento tres días de ausencia. Un período no cal tivera lugar un xenuíno choque armado cos indíxenas, uns trinta. Advertidos por un dos seus acompañantes tamén nativos¹⁵ de que a actitude destes, a arrodearen os forasteiros, era preparatoria para «a guerra», o filipino do grupo repeleu a agresión disparando. «Tivemos sorte de que aqueles non usasen o Boomerang», consignou o abade. Teñamos en conta que no suroeste ningún episodio semellante tivo de ser afrontado por Salvado e os seus. Nalgún momento, as belezas que había arredor del recordáranlle a Torres as visións xa tan atrás de Capri. E como a modo de colofón escribiu ter vivido neses tres meses experiencias que satisfarían as expectativas do home máis ambicioso delas.

DE PAGO A KALUMBURU

Desde entón pasou case un século. E non parca en mudanzas a súa historia precisamente! Mais nós chegamos a tempo de coñecer en Nova Nursia un dos españois superviventes da comunidade nun principio composta en exclusiva por eles, un aragonés da diocese de Lleida, *dom* Mauro Enjuanes, que profesa unha admiración ardente polo padre Alcalde, a quen chegou a coñecer pola súa vez, e

¹⁵ E parece que o motivo desencadeante foi a imprudencia doutro deles mesmos. Díxose logo que morrera no incidente unha moza, mais nada disto consignan os diarios, senón só as feridas dun home, que malia todo puido escapar polo seu pé, inmediatamente, coma todos os demais.

que garda coma unha reliquia un manual de moral copiado da súa propia man. Nalgunha ocasión facíase iso daquela para evitar o gasto dun exemplar.

Da escaseza e a maneira dos contactos primeiros cos arelados aborixes dános idea que, estando aínda alí Torres, para os atraer cara a si, se lle ocorrese deixar colgadas das árbores prendas de roupa. O 27 de setembro de 1913, cento tres deles atacaron os monxes e as súas xentes, arroteándoos mentres lles estaban a repartir sandía, e evitouse a matanza por disparar ao aire o seu servidor filipino¹⁶. Andando os anos, o devandito padre Alcalde, un dos alanceados, tiña pesadelos intermitentes nos cales se volvía crer na mesma situación. No tempo inmediato, os informes de certos confidentes, verbo dos propósitos de paz ou de guerra desapoobación, e unha constante tamén entre a doazón e o furto das froitas e hortaliças e o gando eran a paisaxe humana da misión. De cando en vez acudían a ela algúns que lle roubaran unha muller a outra tribo ou grupo. As mulleres escaseaban, e isto era abondo para motivar un permanente estado de guerra. En ocasións tratouse de facer os monxes árbitros dela.

A única comunicación era a marítima, agás as exploracións da terra en derredor. Por iso, en 1919, comprouse o primeiro dos barquiños propios, a *Voladora*, de dezanove toneladas e media. A comunicación por radio logrouse en 1927. Hoxe mesmo, só unha vez á semana vai regularmente o avión postal, alén dalgún outro non fixo que leva provisiones. Naquela situación, o 9 de xullo de 1916 atracou un buque de guerra, que lle fixo saber á comunidade que Australia entrara na gran contenda europea. Intercambiáronse galanos entre mariñeiros e monxes. En febreiro de 1931 estes salvaron a vida de dous aviadores alemáns, que aterraran á forza o seu Junkers *Atlantis* nas proximidades. Hitler mandoulles un harmonio de regalo¹⁷.

Entrementres, os monxes ían coñecendo o folclore e as crenzas dos aborixes, e facían de médicos destes, a miúdo para lles curaren as feridas recibidas nas súas pelexas. Tratando de aprender o dialecto pela, variante da lingua kwini¹⁸. Mais a crónica da casa consignaba o día 19 de febreiro de 1922: «Unha morte tras

¹⁶ O 27 de agosto de 1926 estiveron a piques de ser atacados, diante dos monxes, o gobernador xeral de Australia e o seu séquito. Era a súa primeira visita.

¹⁷ Que se conserva, mais paradoxalmente danado no bombardeo de que diremos.

¹⁸ Dom Sanz de Galdeano ten inédita a súa obra *Pelà-English Language Dictionary and Grammar Used by the Kuini Tribe of Kalumburu Mission* (1996).

doutra e ningún nacemento». O cronista glosaba o dato alarmado ante o anuncio da desaparición desa raza. Logo diremos con maior extensión disto.

En 1931 tivo á fin lugar o traslado a Kalumburu, facéndose realidade a arela de establecer a misión cabo do río Drysdale. Desde ese mesmo ano houbo nela beneditinas misioneiras. O 23 de agosto de 1935 dicía a crónica: «Non debemos abraiarnos da grande atracción que a selva e a súa vida teñen para os aborixes, se recapacitamos en que tamén ten intenso encanto para nós os brancos». Ese ano vivían xa na misión cento seis nativos, cincuenta e un deles cristianizados.

En 1939 chegou un monxe navarro, Serafín Sanz de Galdeano, nado en 1913, autor en datas posteriores dun estudo etnolóxico inédito¹⁹ que vai ser a nosa guía no sucesivo. Á vez, a guerra mundial xa declarada, foi construído insensatamente ao lado un aeródromo militar, que comportaría de modo ineludible a morte da misión contigua. En efecto, o 27 de setembro de 1943, trinta anos xustos despois do ataque aborixe que dixemos, sufriu un bombardeo xaponés que a destruíu e no cal morreu o superior, *dom* Tomás Gil, cunha muller e catro nenos nativos.

Os tales nativos do Kimberley eran moi sociables. A circuncisión iniciábaos. Tiñan unha confusa idea dun ser superior, mais vivindo difuso el entre moitos bos e malos espíritos, conectados co mundo animal. Malia que só os cans eran considerados da familia e enterrados coma os homes. Entre a psique humana e todo o mundo material non vían solución de continuidade. Por iso posuían unha clasificación ao seu xeito da zooloxía e da botánica da súa área e coñecemento.

Entrementres, Nova Nursia acadara un desenvolvemento espléndido, un gran mosteiro cunha propiedade agraria, gandeira e forestal sólida e extensa, e unha irradiación pastoral manifestada sobre todo a través de dous colexios, masculino e feminino, San Ildefonso e Santa Xertrude. Unha gran biblioteca, xaora, sen descoidar as obras de arte. Que non só había monxes escritores senón tamén artistas. Mais case todo isto para a poboación branca, pois a outra pasara a ser moi escasa. Pero do seu mundo habemos seguir dicindo, ilustrados por esoutro testemuño setentrional a que aludíamos.

¹⁹ *Metamorphosis of a Race: Kuíni and Kulári Tribes of Kalúmburu Mission* (1998); tamén das *Memoirs of a Spanish Missionary Monk: Dom S.S. de G., O.S.B., M.B.F., O.A.M., C.S.M.* (1999; un anticipo, *Vida y milagros*, foi publicado en Bogotá en 1986).

UNHA CRÍTICA INTERNA

Eran os tempos de Primo de Rivera cando o pequeno Serafín Sanz entrou no postulantedo beneditino de El Pueyo, sobre un soberbio monte de preto de Barbastro. O abade sucesor de Torres, Anselmo Catalán, navarro tamén, de Corella, xa fora alí a captar vocacións e entenrecera os seus ouvintes ao lles falar dos *pobres salvaxes* australianos. Cando seu pai o soubo, non cabía en si de gozo, ao ter presente que Australia estaba aínda máis lonxe ca as metas máis remotas acadadas polo navarro san Francisco Javier nas súas misións. Comentando a súa profesión, emitida o 21 de marzo de 1935, escribe nas súas memorias: «Sentíame feliz vivindo a vida monástica, como o paxaro nado en catividade é feliz na súa xaula».

E ao chegar á misión, da que asegura ser a máis illada do mundo²⁰:

En Pago, as mulleres non formaban unha colección de belezas, por mor da súa dura vida na selva e do máis duro trato que recibían dos homes. Habíaas entre elas cos dedos rotos, os brazos rotos, as pernas rotas e as cabezas rotas. Mais, como non coñecían nada mellor, sentíanse o bastante felices. O mesmo en Kalumburu, onde ficaban os que á vez eran a supervivencia e o futuro dos aborixes. Cun grupo de doce nenos de ambos os sexos, algún dos cales, se non a maioría, estaban vivos grazas aos misioneiros.

Remontándose ao estado existente ao tempo da fundación, o ano 1908, a súa conclusión é que os devanditos nativos, uns setecentos censados os seus visitantes, eran efectivamente os superviventes dunha raza moribunda. Un dato de interpretación decisiva cando se atinou con ela: logo do ataque de 1913, os misioneiros non se fiaban da amigabilidade dos nativos, porque estes non acudían a eles nunca cos nenos. Ata se daren de conta de que a causa era que apenas tiñan nenos. Isto debíase a que pouco antes idearan un método de limitación da

²⁰ Illamento non só xeográfico: «O social era case completo, pois os aborixes non eran compañía, xa que as súas ideas e intereses eran moi limitados, e normalmente se mostraban indiferentes, a non ser que se falase con eles de cazar ou matar». Botaba tamén de menos a liturxia solemne de Nova Nursia. Aínda era máis intensa a soidade polo mantemento de Pago, preciso para que atracase o barquiño propio, e onde só ficaba un monxe. Facían alí quendas de dúas semanas, mais *dom* Serafín permaneceu voluntario indefinidamente. Porén: «As a matter of fact I was completely happy, and therefore it was too good to last».

natalidade —*mángar*— consistente en cortar —o corte, *nyángal*— a uretra do pene —*mári*— cara ao escroto, o que dificultaba a concepción logo da cópula ou *yun*. Alén disto había que ter en conta o abuso sexual das escasas mulleres desde cedo de máis e por homes de máis. Canto a homicidios, contabilizáronse 44 entre 1918 e 1928. No entanto, é interesante a súa afirmación inicial de que «os aborixes que [coñeceu], situados no seu estado natural, encarnaban un belo e digno exemplo de humanidade».

O exame deste testemuño de *dom* Sanz sobre esta raza en si, e mais verbo das consecuencias do seu contacto coa poboación branca, por unha banda, e por outra das sobrevidas ao adquiriren os seus membros en 1967 a plena cidadanía australiana, o que levou consigo a súa entrada na seguridade social e ao seu xuízo unha excesiva abundancia de diñeiro, e alén disto a conseguinte fin da tutela que dalgún xeito exercían sobre eles os misioneiros²¹, ten ante todo o mérito de ser o froito dunha longa e directa experiencia como apenas ningún outro observador tivo. E, sobre esta base, non é valedoira unicamente para ilustrar este reduto etnolóxico mesmo, senón que no contexto da política democrática contemporánea, ou sexa, a decisoria deste, posúe certo valor sintomático para situacións parellas a esta hora da historia. Ademais, instrutivo para moderar un tanto as ilusións elucubradoras que non lles deixen aos principios temperarse ao contacto coas esixencias ou polo menos as realidades ineludibles da práctica. Por outra banda, a presunción de boa fe aos políticos e administradores involucrados nas medidas de goberno relativas ao asunto, cando ese sexa o caso, non debe chegar a mudar o xuízo obxectivo que dos feitos e da súa avaliación as probas leven a formar.

Ora ben, na crítica severa que *dom* Sanz, fundándose na súa privilexiada e longuíssima observación inmediata, fai da interpretación predominante que os antropólogos, e mesmo os políticos, están a facer do mundo aborixe, hai que ter en conta tamén certa intransixencia súa para non aplicar analoxías da súa cultu-

²¹ Transcribimos sen comentario a súa glosa inicial á exposición desa parte postremeira:

Que significa ser independente? Para min, quere dicir non ser mandado por ninguén e non precisar nada de ninguén. E, en ambos os sentidos, ningún ser humano pode chegar a ser independente. Pois só Un é independente, Deus. Mais deixando a unha banda filosofías, de feito, como os aborixes de Kalumburu adquiriron a independencia cando os beneditinos deixaron de ter coidado deles? O caso foi que a chamada dependencia duns poucos misioneiros foi substituída por outra dependencia de moitos máis non misioneiros.

ra con outras, a nosa mesmo, por diversas que elas sexan, como esixindo máis ben a concordancia literal.

Por outra banda, non cabe preterir que os aborixes australianos apenas teñen algúns elementos culturais en común entre si, sendo de moitas tribos incomunicadas, polo escaso radio de acción xeográfico da súa vida, o seu pluralismo lingüístico o mellor indicio²². De xeito que os estudosos dos que non son nin kwini nin kulari puideron chegar lexitimamente a conclusións distintas das do noso misioneiro de Kalumburu.

A propósito da relixión, el opina que os seus nativos non teñen palabra de contido semellante para a designaren, a pesar de que os etnólogos creran detectar nese eido certa riqueza, de modo que ata o papa os loou pola súa grande espiritualidade. Ante isto fai el notar a necesidade de coñecer o seu idioma e o perigo de, unha vez eles en contacto coa civilización e a relixión dos brancos, extrapolaren ás súas crenzas anteriores algunhas das novamente aprendidas. Por exemplo, os devanditos etnólogos teñen por deus o seu Uáloro. El, ao lle preguntar a un aborixe intelixente quen era, recibiu esta resposta: «Ten muller e fillo, ou sexa que é a Santísima Trindade». Nega tamén que Gnauí sexa espírito, senón máis nada ca alento. E rexeita encadralos no animismo totémico, pois cando cazan non lles teñen ningún respecto aos animais tótem da súa tribo. Tampouco lle parece posible falar dun dereito aborixe, nin de lugares sagrados seus, senón unicamente segredos en que só poden entrar os iniciados, so pena de castigos como a cegueira ou outros aínda peores, obra dos espíritos que cren que os habitan. Pero ese pavor non comporta o recoñecemento de algo sacro, non latexa esta mesma noción no secretismo dito? Máis polémica nos parece a súa negativa a lles recoñecer a distinción entre o mal e o ben, no sentido de que só a farían pola súa repercusión no medio social deles. Pois non hai que perder de vista que certas sociedades están articuladas de xeito que son capaces de polarizar os criterios éticos dos seus membros, de modo que penetren na súa conciencia íntima, algo así coma se no noso catolicismo non existise separación entre os foros interno e externo que tan ben coñecen os canonistas. E que diríamos do islam?

²² Agrupáronse en familias os seus idiomas polo criterio de teren ou non en común a palabra designatoria de «home».

En troques, a rentes da terra, *dom* Sanz testemuña que a súa cultura material era menos sinxela do que os etnólogos afirmaran. Por exemplo, cocíanban máis ou menos os seus alimentos, isto dependendo da clase destes, das condicións do lume e do grao da súa fame, non sendo certo que comesen sempre cru. Ora ben, a crenza de estaren esas dúas tribos en vías de extinción non é unha opinión persoal do beneditino navarro, senón que todos os demais misioneiros a compartiron ata 1940.

Entrementres, arredor de Kalumburu tivera lugar a aculturación, ao contacto coa misión. En 1945 só dous homes seguían a vivir no bosque, un deles con sete mulleres, a ningunha das cales chegaron a coñecer os monxes. A maioría dos demais habitaban permanentemente arredor da misión. Cando, mudado o signo da política, os funcionarios enviados a esa lles preguntaron se desexaban volver vivir no bosque, un deles respondeulle afirmativamente..., mais só por un par de semanas e cun rifle.

O aumento comportado da riqueza e do nivel de vida era consecuencia da mellora nos procedementos de caza e de pesca e no produto da horticultura.

Naturalmente que esa convivencia libremente aceptada esixía a submisión a un dereito que tamén era penal. Existía a pena de azoutes, malia que se aplicaba raramente, por exemplo aos que pelexaban, e a súa execución tiña lugar coas mesmas disciplinas que usaban os beneditinos daquela para si mesmos. A distracción era o baile discrecional.

A poligamia e o intercambio das mulleres, coa pugnacidade endémica implicada, eran unha barreira que freaba os misioneiros na aceptación dos aborixes no seo da cristiandade mediante a administración do bautismo. O primeiro destes non se produciu ata 1920, e iso por creerse estar nun caso *in articulo mortis*. Mais en 1939 estaban xa bautizados aproximadamente a metade, e celebráranse matrimonios canónicos.

As esixencias da aculturación²³ consistían no vestido, o tellado, o traballo da terra, a aprendizaxe dalgún oficio e adquirir certo sentido do dereito e da orde,

²³ Ante todo, xaora, a renuncia ás dúas prácticas devanditas, ás cales *dom* Sanz apón a falta de nacementos. Sinala neste sentido o decisivo da chegada das relixiosas en 1932, sobre todo para a fecundidade das mozas.

alén da hixiene, deixada á parte a aspiración relixiosa suprema²⁴. Unha pesada carga para esas xentes, salta á vista, con independencia tanto das intencións dos protagonistas como do balance material: «Para os aborixes, o establecemento da misión supuña mudar o seu estilo de vida»²⁵. En cambio, a preguiza no traballo non lles era un vicio constante.

O que resultaba inevitable era a erosión dos valores da vella cultura espiritual, por exemplo o idioma: «Os rapaces tiñan que aprender moitas palabras novas para designaren cousas que os seus entregos non chegaran a saber que existían. Todo idioma precisa recorrer a préstamos doutros para formar neoloxismos, mais se se quere preservar a súa pureza hai que chegar a un límite». E naturalmente que o establecemento dunha fronteira entre o *pela* e o inglés non era viable.

Un exemplo é a actitude deles cara aos cans, que non mudaron nunca ao se cristianizaren. Son unha parte da súa familia, coma seres humanos²⁶, equiparados de todo nos funerais e nos enterros. Un dos misioneiros consignou que algúns pensaban que se trataba de deuses encarnados regresivamente.

Dom Sanz non se recata na súa defensa da aculturación: «Ao meu ver, a min-gua do número de aborixes vellos, que era a principal dor dos misioneiros²⁷, foi incidentalmente unha beizón, xa que a súa ausencia fixo posible crear nos novos a comunidade nativa máis destribilizada, cristiá e pura de Australia».

Unha das acusacións que agora se lles fan aos gobernos australianos é a de que lles roubaron os nenos aborixes ás súas familias, para os poñeren baixo a tutela

²⁴ Nota *dom* Sanz o difícil de facerlles entender os misterios, pola evidente razón de que tampouco os adoutrinadores entenden estes. Por iso o catecismo, o resumo bíblico e as oracións traducidas ao *pela* por *dom* Tomás Gil non foron moi usados nin útiles. Eu pedinlle a *dom* Sanz que me dixese o nosopai nesa lingua, da que escribiu, como dixemos, el mesmo unha gramática e un dicionario, e díxome que non o sabía; o cal quere dicir que a instrución inmediata catequética non chegara a ese grao. Que a oración en cuestión só lle fose alcanzable a quen sabía inglés dabondo, e preferir este á lingua vernácula en contra das esixencias da Igrexa cando son posibles, é definitivamente instrutivo para captar a situación.

²⁵ En cambio, a sedentarización, ao non ser observadas todas as prácticas hixiénicas posibles nela, causaba por conseguinte unhas doenzas, como a lepra e as lombrígas, para as cales o nomadismo comportaba certa inmunización.

²⁶ Mais non esquezamos que o actual pontífice é partidario da extensión a toda a creación vivente da palinxénese da resurrección paulina. Esa crenza xa a tiñan certos teólogos católicos, e persoalmente ensinouna Martin Luther.

²⁷ Un destes pasou 53 anos na misión e outro 45; cinco morreron e están enterrados nela.

das institucións axeitadas a fin de os educar nun ambiente branco, de xeito que, ao cabo do tempo, a cultura indíxena incompatible co país novo quedaría absorvida pola dominante. *Dom* Sanz nega que este fose o caso da súa misión, xa que nela só quedarán os fillos dos aborixes que os ofrecían a ela libremente. Alén disto, os mesmos pais vivían arredor dela²⁸ e, afeitos, tocante ás nenas, a entregalas maritalmente a vellos cando contaban de oito a dez anos de idade, non podían, abofé, ver a nova situación como un empeoramento. Canto ao dereito de matrimonio entre primos carnais, que sería incompatible con tal situación, simplemente non se podía seguir practicando por falta de nacementos.

Naturalmente que o tema da subtracción dos nenos e a responsabilidade nel das igrexas non nos compete, pois o noso argumento cinguese á misión beneditina española. Hai que ter en conta, desde logo, que o afán misioneiro era a cristianización da poboación pagá, no cal vían o máximo ben. Puido esa avaliación obnubilar os levitas? Tiñan liberdade para decidiren? Podían ver un mal menor en aceptaren as suxestións governativas? Limitámonos a deixar presentados os interrogantes. En todo caso, na opinión australiana común estendeuse bastante a crenza de os políticos trataren de descargar abusivamente as súas responsabilidades nas dos eclesiásticos²⁹, en detrimento da obxectividade das propostas³⁰.

²⁸ Desde 1962 xa vivían na misión cabo dos seus fillos; nela había dormitorios comúns ao principio, que logo *dom* Sanz pechou; confesou que se arrepentira daquilo dado que a medida significaba que os pais non corrixirían os fillos, pois isto non era coñecido consonte os seus propios valores culturais: *mámangal*, así chamada a relación paterno-filial, allea ao antedito.

²⁹ Cf. Human Rights and Equal Opportunity Commission (1997): *Bringing Them Home: A Guide to the Findings and Recommendations of the National Inquiry into the Separation of Aboriginal and Torres Strait Islander Children from Their Families*, e o libro colectivo (coord.: Carmel Bird) privado *The Stolen Children: Their Stories* (Sydney, 1998).

³⁰ Tampouco hai que excluír a interposición, máis que de intereses creados, de intereses por crear no horizonte distante. Por exemplo, en 1973 presentouse en Kalumburu unha comisión governativa —do Department of Aboriginal Affairs da Commonwealth, State and Regions—, acompañada do abade de Nova Nursia, para facer unha enquisa verbo da aceptación polos seus nativos do dereito a unha extensión de terra determinada. Ou sexa, un avance oficial das reclamacións que logo foron presentadas profusamente polos de moitas partes de Australia perante os tribunais. Ofrecéronselles 800 000 acres en Carson. O primeiro día rexeitarón; o segundo deron o seu asentimento, mais deseguida lle dixeron a *dom* Sanz que foran forzados. Hai que pensar nunha persuasión insistente, abofé, sen chegar á violencia. Ora ben, o argumento esgrimido era sobre todo a posibilidade de designar un xerente ou xestor da terra que, no caso de non estar á altura da súa función, podería ser substituído por outro tantas veces fose preciso. Tocante á avaliación

A escolarización dos nativos na misión, dun xeito regular e constante, cun mestre titulado, non comezou ata 1955, cando a súa densidade a fixo posible. Algúns datos dos resultados son reveladores para os comparatistas de culturas, na intersección do acervo ancestral e o encontro dun mundo novo. As matemáticas eran o principal escollo. Pois é que na súa lingua non se coñecían máis ca os tres primeiros números e o xenérico «moito», *djáma*. Unha resistencia consecuente ofrecían para entender a noción de «metade». En cambio facían progresos insospeitados no inglés³¹ e nos modais.

O ambiente da súa formación relixiosa era idéntico ao das familias pías daquela altura. Pero chegando por iso mesmo a máis significativa a diferenza nalgúns comportamentos, sobre todo indicativos do peculiar xeito da súa asimilación. O que máis lles gustaba e mellor entendían eran as historias bíblicas. Unha das antigas alumnas, ao ter un neno, quíxolle poñer Caín. Porque o personaxe, aínda que maligno, fora vencedor. Ao preguntárselles polo significado do «froito bendito do teu ventre» na avemaría, uns dixeron que unha pera, mentres que outros preferiron unha mazá. Cando lle rezaban pola mañá ao anxo da garda, *dom* Sanz non entendeu unha palabra que lle pareceu que intercalaban no inglés e atribuíuna por iso ao idioma deles, *túrrulangay*. Mais tratábase do seu xeito, de veras incógnito, de pronunciar o pedimento *to rule and to guide*, que eles, xaora, tampouco entendían.

Malia que pareza estraño, eran menos dispostos para os mesteres prácticos; polo común non se amosaban capaces de dar un paso neles alén da mera execución de ordes³². Nun ángulo da escola, foi instalada unha tendiña, co exclusivo obxecto de lles ensinar a comprar e a manexar o diñeiro. As excepcións, máis que

xenérica das súas respostas, hai que ter en conta que unha característica da súa cultura era a de lle dar a razón ao que falara primeiro, agás nos casos de pelexa aberta. Así se explican entrevistas tan fantasiosas como para inventar casos de antropofaxia: Karen Brown, «Hunger Led to Cannibalism. Trek Survivor: Mr. Djángara endured a forced trek, falling bombs and a stockman's life before settling at Kalumburu», *West Australia*, 8-10-1994.

³¹ Deles saíu algunha boa mecanógrafa.

³² Malia *dom* Sanz apoñerlle a longo andar esa falta de progreso á «interferencia das autoridades civís, mesmo de filántropos, que non coñecían os aborixes nin as súas necesidades e capacidades, e mais ao contacto cos brancos (sobre todo desde que se construíron as cento cincuenta millas de estrada de Gibb River a Kalumburu), de moral laxa e vida sofisticada». Esta última causa levava á ruína a misión anglicana de Forrest River en 1965, e co tempo acabou resultando incompatible con todas as do continente australiano. A avaricia e o suicidio eran descoñecidos entre eles antes, mais non foron raros despois.

tales, poden ser vistas como anticipo dun futuro distante, mais naturalmente pagando o devandito prezo doloroso da aculturación, tal un traballador establecido na Kimberley³³ Research Station, en Kununurra, que chegou a ser *the picture of a gentleman*. En todo caso, o illamento en centros educativos para brancos éralles insoportable e resultou integralmente negativo.

Do que se amosaron capaces sen problema foi non só de axudar na misa en latín, senón tamén de a cantar, e non só en gregoriano, senón ata a polifonía. Tal, no Nadal seguinte ao bombardeo xaponés, a composta por un eminente músico navarro de Nova Nursia, Esteban Moreno, acompañada ao acordeón, xa que o harmonio fora destruído na lúgubre ocasión. Malia que esa vez foi un oficial da RAF quen fixo de acólito de *dom* Sanz.

Así as cousas, en 1960 a revista australiana *Panorama* publicou unha reportaxe sobre Kimberley titulada «Unha comunidade feliz»³⁴. Claro está que o epíto respondía a unha situación obxectiva, si, mais tamén á escala de valores do autor. Ata que en 1967, ao adquiriren os nativos a categoría de cidadáns australianos, pasaron a ser beneficiarios da seguridade social, moi xenerosa con eles na atribución das pensións de paro. Ao principio chegouse ao acordo de destinar unha parte de todo o recibido á misión, a cambio dos servizos desta³⁵. Naturalmente que pronto xurdiron peticións para que se individualizasen os pagamentos³⁶. Mais o resultado grave foi a aparición da avaricia, o xogo e a embriaguez, consecuencias inmediatas dun exceso de diñeiro, xa que as subvencións ían moito máis aló das necesidades acordes a ese xénero de vida.

Co cal a independización de todos os aborixes de Australia dos sistemas tutelares antes en vigor chegou a ser unha realidade avasaladora, a instigación do que por veces se designa como *vilis pecunia* non de todo hiperbolicamente. De xeito que Kalumburu chegou a se tornar nunha excepción que escandalizaba á vez os políticos, avogados e antropólogos, mais tamén o World Council of Churches³⁷

³³ O testemuño doutro misioneiro: Francis Byrne, OSB (1989): *A Hard Road: Brother Frank Nissl, 1888-1980: A Life of Service to the Aborigines of the Kimberleys*, Nedlands, Tara House.

³⁴ En español no orixinal. [N. da T.]

³⁵ Non era exacta a acusación de estaren a traballar os aborixes para os misioneiros sen máis.

³⁶ Un inconveniente sintomático: para cobrar o paro había que acreditar que non se traballara nas últimas dúas semanas, mais o correo da misión era só mensual.

³⁷ No cal daquela non estaba representada a Igrexa católica.

e, o que xa era decisivo, a propia xerarquía católica; ou sexa, a mesma que instara en 1908 á súa fundación. Isto non quere dicir que a axitación non chegase tamén dentro, protagonistas dela que foron dous dos nativos, nin que non chegase a transcender á prensa³⁸.

A acusación era a de estaren os aborixes privados de liberdade. Non foron quen de resistir a tensión o episcopado australiano reunido en Sydney e o propio abade de Nova Nursia. Este renunciou ao seu cargo de administrador *nullius* do territorio en 1980. E, ao ano seguinte, a Santa Sé suprimiu a xurisdición exenta sen máis, que quedou, xa que logo, incorporada ordinariamente á diocese de Broome, de xeito que a presenza beneditina só podería continuar mediante un acordo co bispo. O 16 de setembro, *dom* Sanz abandonou o lugar e deixou escrito no libro de visitas: «Recedant vetera, nova sint omnia»³⁹. Pero habemos recapitular volvendo ao suroeste das orixes.

OS IDEAIS NA SÚA CIRCUNSTANCIA

Xa vimos como os dous españois fundadores da comunidade beneditina en Australia, Serra e Salvado, acabaron separados por unha diverxencia insoluble de plans, o cal determinou o afastamento do primeiro. Serra quería consolidar un mosteiro ao xeito dos da restauración europea e americana setentrional, só posible pensando ante todo na poboación católica dos colonizadores brancos. Salvado estaba divinamente obsesionado coa atención á poboación nativa, en doloroso declive. Que fose o amor cristián o seu móbil inspirador non se pode poñer en dúbida. Ora ben, tampouco Serra pode ser condenado sen máis, cal se unicamente a arela dunha vida cómoda e próspera estivese no seu horizonte. Que, unha vez asumida certa adaptación, desde logo difícil e mesmo co seu de heroica, ao mundo indíxena, as compensacións gratificantes podían ser máis xenero-

³⁸ No *Daily News*, 24-6-1981; Peter Yu (mestura de aborixe e chinés), no *Kimberley Land Council Newsletter*.

³⁹ Escribe no seu libro ter unha copia dun estudo detallado sobre a fin da misión beneditina, mais de carácter confidencial. Recentemente, case por unanimidade, os nativos de Kalumburu escribíronlle ao abade pedindo o seu retorno.

sas ca as dunha poboación máis ben pobre, sobre todo integrada daquela polos irlandeses económica e socialmente débiles.

E, malia historiograficamente resultar heterodoxa, permítasenos a estas alturas do reloxo da historia unha mirada retrospectiva. As mudanzas sobrevidas no mundo desde mediados do século XIX non puideron ser sospeitadas por ningún dos nosos entregos, nin sequera polos de imaxinación máis desbordada. Porén, xa daquela o prodixio da técnica e a convulsión do cambio de réxime podían deixar enxergar novidades capaces de facerlles perder a mesura ás cavilacións. Isto explícanos certas ilusións que a expansión europea lle fixo concibir ao beneditinismo que estaba a rexurdir das súas propias cinzas, as da confiscación case integral dos seus bens e a dispersión forzosa das súas comunidades. *Dom Bonifacio Wimmer*, un bávaro que fundou en Pensilvania, chegou a imaxinar unha resurrección da Europa medieval, a das misións monásticas entre os pobos xermánicos, nuns Estados Unidos cuxa configuración aínda non estaba á vista. E, ao outro extremo de Australia, John Bede Polding, o primeiro arcebispo de Sydney, tratou de reencarnar na súa novísima catedral as monásticas da vella Inglaterra, identificados o cabido e o mosteiro⁴⁰. Así as cousas, a ilusión aborixe de Salvado non nos resulta tan estraña. Quizais Serra tiña en cambio unha mente máis ancorada nas circunstancias ineludibles a rentes de terra⁴¹. Mais o certo é que nin un só nativo chegou a ser monxe beneditino ata os nosos días, nin o panorama leva camiño de facerse máis expectante sequera.

Cando Kalumburu foi cuestionado, tratouse de comparalo coa Nova Nursia de Salvado, pretendendo levantar un balance para el negativo⁴². Isto suscitou a réplica de *dom Sanz*, quen esgrime uns datos sen máis. Nova Nursia goza dun clima mediterráneo e a unhas decenas de quilómetros tivo sempre todo o que a colonización branca podía ofrecer, colonizadores que ademais estaban nas proximidades xa, dixémolo. Mentres que do illamento da misión do norte nun clima tropical rigoroso xa consignamos abondo. Un detalle: cando Salvado chegou, xa

⁴⁰ Desoutra cara, o luxo cultural, unha mostra no artigo de Frank Carleton (1999) «In Quest of Lamsprunge Books», *Tjurunga*, 57 (11), 75-84 (antes en *Biblioneus*, 23-4 [December 1998], 118-34).

⁴¹ A etapa de Serra foi decisiva para o nacemento da poboación de Subiaco, nas inmediacións de Perth; Ken Spillman (1985): *Identity Prized: A History of Subiaco*, Nedlands, University of Western Australia Press.

⁴² Zoltan Kovacs, en *The Weekend Australian*, polo sesquicentenario de Nova Nursia.

estaba publicado un dicionario da lingua local; en Kalumburu, tiveron de facer esa tarefa persoalmente e partindo do baleiro *dom* Gil, o superior morto no bombardeo xaponés, e o propio *dom* Sanz, quen engadiu que a raza non estaba aló en vías de extinción.

Certa carencia de realismo, polo menos a longo prazo, do proxecto de Salvado, un home que contribuíu ao coñecemento etnolóxico dos seus aborixes, non o esquezamos, podería deducirse da mesma necesidade do traslado da misión para estes ao remoto setentrión, mentres que Nova Nursia acabou sobre todo sendo un foco de irradiación monástica e de consolidación católica para os brancos da redonda.

O seu propio sucesor, Torres, á vez que non dubidaba en se facer explorador para recoñecer a costa norte na procura do novo lugar de asentamento⁴³, impulsou decisivamente o desenvolvemento da Nova Nursia do futuro, ao establecer os dous colexios, San Ildefonso e Santa Xertrude, para os nenos brancos⁴⁴ de cada sexo⁴⁵. As súas nobres fábricas, onde se gardan uns obxectos, imaxes e textos espertadores da melancolía das esperanzas de recordos daquelas mozas en flor e dos seus compañeiros, ao cabo recordos de esperanzas feitas, son decisivas no cuño da paisaxe urbanizada de Nova Nursia, que chegou a ser un gran mosteiro, coma esoutros occidentais coetáneos de que dixemos, e que no entanto non nos suscita arquitectonicamente esa imaxe⁴⁶. Porque é a dunha cidadela de construcións dispersas a súa vista; o gran mosteiro si, tamén existe, mais englobado, ata un pouco desapercibido nela, xa o apuntamos. Ten a súa gran biblioteca, coma os daquela, común neles, pero cun luxo excepcional, nada corrente nin sequera neses alcázares do espírito estudoso, unha sala de lectura toda decorada de frescos onde foi pintada unha *summa* das letras, as artes e as ciencias, obra que foi do beneditino castelán Lesmes González, cuns floridos dísticos latinos escritos por *dom* Román Ríos.

⁴³ *Dom* Sanz nota o recoñecemento do profesor Elkin a un monxe de Kalumburu pola súa achega a «Oceania».

⁴⁴ Continuou o orfanato para os poucos nenos aborixes que quedaban, mentres algúns dos adultos seguían establecidos nas casiñas de arredor que xa se construíran nos tempos de Salvado.

⁴⁵ Evocamos esta atmosfera no noso relato «El sepulvedano de Nueva Nursia», *El Adelantado de Segovia*, 22-12-1999.

⁴⁶ Temos en prensa o artigo «Una visita a Nueva Nursia», en *Nova et Vetera* (Zamora).

E estamos a falar dun fenómeno de aristocracia espiritual que transmontou. Eses grandes mosteiros cuxa época dourada enlazou os cincuenta do XIX e os do XX son historia xa. Por unha banda, a falta de vocacións está chegando a ameazar a súa mesma subsistencia⁴⁷. Por outra, os ideais do beneditinismo xa son distintos. Encarnados en comunidades sinxelas, pequenas, ligadas á terra, as que ademais florecen nas terras do Terceiro Mundo, onde alén disto existe certa esperanza vocacional.

E na Nova Nursia de hoxe o testemuño mantido *cum amore* do que foi o *heritage* do novo país, tanto na realidade coma no soño, énos un exemplo que vén a tergo da vitalidade da historia, de como o pasado segue a vivir no presente. Un hotel cuxa larga tranquilidade seduce, noutrora residencia construída que foi para os padres dos colexiais internos, no entanto suscita paradoxalmente a evocación no horizonte dun escenario de Agatha Christie.

⁴⁷ Un fenómeno universal, que resultou abafante cando foi antecedido de sacudidas particulares. Este foi o caso de Nova Nursia, ata a visita apostólica do abade de Prinknash, que levou consigo a expulsión de once australianos e dous españois e a prohibición de que fosen máis españois no futuro. A comunidade fora ata había non moito un illote hispano, e o tránsito á australiana, desde logo moito máis reducida, foi traumático.